

PTU-LU-09/034
 O CORGO (LUGO)
 DSNR de HOSPITAL
 AD- RESOLUCIÓN
 Pax. 1 de 3

Sr. Alcalde do Concello do Corgo
 (Lugo)

Notifícolle que con data de 11 de xaneiro a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a resolución que literalmente di:

“RESOLUCIÓN SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO SOLO DO NÚCLEO RURAL DE HOSPITAL, NA PARROQUIA DE CHAMOSO, CONCELLO DE O CORGO (LUGO).

I. ANTECEDENTES.

O concello de O Corgo remite o referido Proxecto de Delimitación, aos efectos de obter a súa aprobación definitiva, conforme á Disposición Adicional 2ª.2 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O Proxecto está integrado por Memoria, Planos e Anexos complementarios (superficies ocupadas e edificadas, nomenclátor e anexo fotográfico) redactados en xuño de 2009 polo técnico municipal D. Antonio Manuel Seijas Pardo.

O concello de O Corgo carece de instrumento de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial (en adiante NNPP).

Hai un PXOM en tramitación que foi aprobado inicialmente en data 8 de marzo de 2005.

O 27 de xaneiro de 2009 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia adoptou resolución sobre a obrigatoriedade de sometemento do PXOM do Corgo a avaliación ambiental estratéxica (DOG nº 40 do 26.02.2009).

Respecto da tramitación administrativa do presente expediente, cabe sinalar:

1. Consta decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2009, relativo á aprobación inicial da delimitación do Núcleo de Hospital, tramitado a instancia do propio concello.
2. Consta certificación do secretario municipal, emitida o día 21 de setembro de 2009, relativa ao trámite de exposición pública do proxecto de delimitación no período comprendido entre o 12 de agosto e o 12 de setembro de 2009, ambos os dous inclusive, sen que no devandito período se presentara alegación ningunha.



PTU-LU-09/034
O CORGO (LUGO)
DSNR de HOSPITAL
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 2 de 3

3. O Proxecto de Delimitación do Núcleo Rural de Hospital foi Aprobado Provisionalmente polo Pleno do concello na súa sesión de 25 de setembro de 2009.

II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN.

Tras analizar a documentación técnica referida polo concello, compre indicar o seguinte:

1. Hospital aparece recoñecido no Nomenclátor de Entidades de Poboación da Provincia de Lugo (Decreto autonómico 6/2000), así como no Nomenclátor de Entidades de Poboación do Instituto Nacional de Estatística.
2. Delimítase un núcleo composto por tres enclaves diferenciados: o máis occidental con 2 vivendas e unha superficie bruta duns 9.147,98 m² (8606,42 m² netos); o central con 10 vivendas e 26.588,81 m² brutos (24.061,38 m² netos); e o máis oriental con 5 vivendas e 12.190,17 m² (10.297,89 m² netos). Así mesmo, delimítase unha área de expansión cunha superficie neta de 16.924,62 m², contigua ao enclave indicado en último lugar.
3. De acordo co aptdo. 8 do proxecto de delimitación, o conxunto de enclaves tradicionais delimitados presenta unha superficie construída total de 8.601,74 m², a cal é superior á metade da que se podería edificar dentro daquel consonte ás condicións urbanísticas aplicables, co que, a nivel global, se acada o grao de consolidación edificatoria mínima establecido no art. 13.3.1º inciso, da LOUG.
4. En relación coa área de expansión delimitada, esta se xustifica no Proxecto (aptdo. 9) en base á súa situación inmediata ao Núcleo Rural Tradicional, ao seu apreciable grao de consolidación edificatoria e á ausencia de terreos que esixan unha especial protección de acordo co art. 32.2 da LOUG.
5. Mesmo que os terreos da área de expansión presentan certa capacidade produtiva, o art. 32.2.a), último parágrafo, da LOUG contempla a posibilidade de incluír nas áreas de expansión terreos que, aínda presentando as características que puideran fundamentar a clasificación como solo rústico de especial protección agropecuaria, resulten necesarios para o desenvolvemento racional do núcleo rural, o que se pode apreciar no presente expediente, á vista do crecemento rexistrado na área de expansión.

De acordo co punto 2 da Disposición Adicional Segunda da LOUG, e co artigo 12.1.b do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da CMATI, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de Núcleos Rurais correspóndelle á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.



PTU-LU-09/034
O CORGO (LUGO)
DSNR de HOSPITAL
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 3 de 3

III.- RESOLUCIÓN.

Visto canto antecede, resolvo:

APROBAR O PROXECTO de DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE HOSPITAL, no Concello de O Corgo, polas consideracións e nos termos anteriormente expostos.

Contra esta Resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a CMATI, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro). Si o interesado é unha administración pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso - administrativo perante a sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso - administrativa).

Notifíquese ao concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia".


O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2010



O Subdirector Xeral de Urbanismo

Eduardo Sobrino Rodríguez



SITUACIÓN

- VIVENDA TRADICIONAL
- VIVENDA NON TRADICIONAL
- EDIFICIO AGROPECUARIO TRADICIONAL
- EDIFICIO AGROPECUARIO NOVO

APROBADO DE PLANO DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL POR RESOLUCIÓN DO SECRETARIO/A XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
 DE DATA **11 XAN. 2010**



COAS CONDICIÓN QUE NELA FIGURAN
 O Xefe do Servizo Provincial de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Lugo

DELIMITACIÓN DO NÚCLEO TRADICIONAL

VIALES

NÚCLEO TRADICIONAL

ÁREA DE EXPANSIÓN



| DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL | | |
|------------------------------|--|-------------------------|
| TÍTULO | SITUACIÓN, EDIFICACIONES E OUTROS ELEMENTOS | |
| NÚCLEO | HOSPITAL | Nº DE PLANO 1 |
| PARROQUIA | CHAMOSO (Sto. André) | |
| ESCALA | 1/2.500 | |
| AUTOR | ANTONIO M. BEIJAS PARDO - ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL - CONCELLO DO CORGO | |